Mentres os operarios traballen en circuitos ou equipos en tensión ou na súa proximidade, usarán roupas sen accesorios metálicos e evitarán o uso innecesario de obxectos de metal, os metros, regras, mangos de aceiteiras, útiles limpiadores, etc. que se utilicen non deben ser de material conductor. Levaranse as ferramentas ou equipos en bolsas e utilizarase calzado illante ou ó menos sin ferraxes nin clavos nas suelas.

O persoal da Contrata ven obrigado a usar tódolos dispositivos e medios de protección persoal, ferramentas e prendas de seguridade exisidos para eliminar ou reducir os riscos profesionais tales como casco, gafas, banqueta illante, etc. Pudendo o director da obra suspender os traballos, si estima que o persoal da contrata está exposto a perigos que son correxibles.

O director da obra poderá esixir do contratista, ordenandoo por escrito o cese na obra de calquera empregado ou obreiro que, por imprudencia temeraria, fora capaz de producir accidentes que puxeran en perigo a integridade física do propio traballador e dos seus compañeiros.

O director da obra poderá esixir ó contratista en calquera momento, antes ou despois da iniciación dos traballos, que presente documentos acreditativos de haber formalizado os rexímenes de seguridade social de todo tipo (afiliación, accidente, enfermidade, etc.) na forma legalmente establecida.

4.3.3.– SEGURIDADE PÚBLICA

O contratista deberá tomar todas as precaucións máximas en todas as operacións e usos de equipos para protexer ás persoas, animais e cousas dos perigos procedentes do traballo, sendo da súa conta as responsabilidades que por tales accidentes se ocasionen.

O contratista manterá póliza de seguros que protexa suficientemente a él e os seus empregados ou obreiros fronte ás responsabilidades por danos, responsabilidade civil etc. No que un e outro puideran incurrir para o contratista ou para terceiros, como consecuencia da execución dos traballos.

4.4.– ORGANIZACION DO TRABALLO

O contratista ordeará os traballos na forma máis eficaz para a perfecta execución dos mesmos e as obras realizaranse sempre seguindo as indicacións do director da obra, ó amparo das seguintes condicións :

4.4.1.– DATOS DA OBRA

Entregarase ó contratista unha copia dos planos e prego de condicións do proxecto, así como cantos planos ou datos necesite para a completa execución da obra.

O contratista poderá tomar nota ou sacar copia a súa costa da Memoria, presupostos e anexos do Proxecto, así como segundas copias de todos os documentos.

Por outra parte, nun prazo máximo de 2 meses, despois da terminación dos traballos, o contratista deberá actualizar os diversos planos e documentos existentes, de acordo cas características da obra terminada, entregando ó director da obra 2 expedientes completos relativos ós traballos realmente executados.

Non se farán polo contratista alteracións, correccións, omisións, adicións ou variacións sustanciais nos datos fixados no proxecto, salvo aprobación previa por escrito do director da obra.

4.4.2.- REPLANTEJO DA OBRA

O director da obra, unha vez que o contratista esté en posesión do proxecto e antes de comezar as obras, deberá facer o replantejo das mesmas, con especial atención ós puntos singulares, entregando ó contratista as referencias e datos necesarios para fixar completamente a ubicación das mesmas.

Levantarase por duplicado Acta, na que constarán, claramente, os datos entregados, firmada polo director da obra e polo representante do contratista.

Os gastos do replantexado serán da conta do contratista.

4.4.3.- MELLORAS E VARIACIÓNS DO PROXECTO

Non se considerarán como melloras nin variacións do proxecto máis que aquelas que foran ordeadas expresamente por escrito polo director da obra e convido prezo antes de proceder á súa execución.

As obras anexas ou delicadas, non incluídas nos prezos de adxudicación, poderán executarse con persoal independente do contratista.

4.4.4.- RECEPCIÓN DO MATERIAL

O director da obra dacordo co contratista dará ó seu debido tempo a súa aprobación sobre o material suministrado e confirmará que permite unha instalación correcta.

A vixilancia e conservación do material suministrado será por conta do contratista.

4.4.5.- ORGANIZACIÓN

O contratista actuará de patrono legal, aceptando todas as responsabilidades correspondentes e quedando obrigado ó pago de salarios e cargas que legalmente están establecidas, e en xeral, a todo canto se lexisle, decrete ou ordene sobre o particular antes ou durante a execución da obra.

Dentro do estipulado no prego de condicións, a organización da obra, así como a procedencia dos materiais que se empreguen, estará a cargo do contratista a quen corresponderá a responsabilidade da seguridade contra accidentes.

O contratista deberá, sen embargo, informar ó director da obra de tódolos planes de organización técnica da obra, así como da procedencia dos materiais e cumprimentar cantas ordes lle de éste en relación con datos extremos.

O contratista deberá dar conta diaria ó director da obra da compra de materiais, adquisición de elementos auxiliares ou o seu aluguer e cantos gastos haxa de efectuar. Cando os prezos ou cuotas do anteriormente sinalado sobrepase dun 5% dos normais no mercado, solicitará a aprobación previa do director da obra, quen deberá responder dentro dos oito días seguintes á petición, salvo casos de recoñecida urxencia, nos que se dará conta posteriormente.

4.4.6.- EXECUCIÓN DAS OBRAS

As obras executaranse conforme ó proxecto e ás condicións contidas neste prego de condicións.

O contratista, salvo aprobación por escrito do director da obra, non poderá facer ningunha alteración ou modificación de calquera natureza tanto na execución da obra en relación co proxecto, como nas condicións técnicas especificadas, sin perxucio dos que en cada momento poda ordearse polo director da obra a tenor do disposto no último parrafo do apartado 4.1.

Igualmente será da súa exclusiva conta e cargo aquel persoal alleo ó propiamente manual e que sexa necesario para o control administrativo do mesmo.

O contratista deberá ter ó fronte dos traballos un técnico suficientemente especializado a xucio do director da obra.

4.4.7.- SUBCONTRATACIÓN DE OBRAS

Salvo que o contrato dispoña do contrario ou o que da súa natureza ou condicións dedúzase que a obra ten que ser executada directamente polo adxudicado, poderá éste concertar con terceiros a realización de determinadas unidades da obra.

A celebración dos subcontratos estará sometida ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que se de coñecemento por escrito ó director da obra do subcontrato a celebrar, con indicación das partes da obra a realizar e as súas condicións económicas, a fin de que aquel o autorice previamente.
- b) Que as unidades de obra que aquel contrate con terceiros non exceda do 50% do presuposto total da obra principal.

En calquera caso o contratante non quedará vinculado en absoluto nin recoñecerá ningunha obriga contractual entre él e o subcontratista e calquera subcontratación de obras non eximirá ó contratista das súas obrigas respecto o contratante.

4.4.8.- PRAZO DE EXECUCIÓN

Os prazos de execución, total e parciais, indicados no contrato, empezaranse a contar a partir da data de replantexo.

O contratista estará obrigado a cumprir cos prazos que se sinalen no contrato para a execución das obras e que serán improrrogables.

Non obstante o anteriormente indicado, os prazos poderán ser obxecto de modificacións cando así resulte por cambios determinados polo director da obra debido a esixencias da realización destas e sempre que tales cambios influan nos prazos sinalados no contrato.

Si por calquera causa, allea por completo ó contratista, non fora posible empezar os traballos na data prevista ou tiveran que ser suspendidos unha vez empezados, se concederá polo director da obra, a prorroga estritamente necesaria.

4.4.9.- RECEPCIÓN PROVISIONAL

Unha vez rematadas as obras e ós 15 días seguintes á petición do contratista farase a recepción provisional das mesmas polo contratante, requirindo para isto a presenza do director da obra e o representante do contratista, levantándose a correspondente acta, na que se fará constar a conformidade con que os traballos realizados, si este é o caso. Dita acta será firmada polo director da obra e o contratista, dándose a obra por recibida si se executou correctamente dacordo cas especificacións dadas no prego de condicións técnicas e no proxecto

correspondente, comezándose entón a contar o prazo de garantía.

No caso de atoparse a obra en estado de non ser recibida, farase constar así na acta e se darán ó contratista as instrucións precisas e detaiadas para remediar os defectos observados, fixándose un prazo de execución. Expirado dito prazo farase un novo reconecemento. As obras de reparación serán por conta e a cargo do contratista. Se o contratista non cumprira estas prescricións poderá declararse rescindido o contrato con perda da fianza.

4.4.10.- PERÍODOS DE GARANTÍA

O período de garantía será o sinalado no contrato e empezará a contar dende a data de aprobación da acta de recepción.

Ata que teña lugar a recepción definitiva, o contratista é responsable da conservación da obra, sendo da súa conta e cargo as reparacións por defecto da execución ou mala calidade dos materiais.

Durante este período o contratista garantizara ó contratante contra toda reclamación de terceiros, fundada a causa e por ocasión da execución da obra.

4.4.11.- RECEPCIÓN DEFINITIVA

Ó terminar o prazo sinalado no contrato ou, no seu defecto, ós 6 meses da recepción provisional, procederase á recepción definitiva das obras, cá concurrencia do director da obra e do representante do contratista, levantándose a acta correspondente, por duplicado (si as obras son conformes), que quedará firmada polo director da obra e o representante do contratista e ratificada polo contratante e o contratista.

4.4.12.- PAGO DA OBRA

O pago da obra realizada realizarase sobre certificacións parciais que se practicarán mensúalmente. Ditas certificacións conterán somente as unidades da obra totalmente terminadas que se houberan executado no prazo a que se refiran. A relación valorada que figure nas certificacións, farase con arreglo ós precios establecidos, reducidos un 10% e ca ubicación, planos e referencias necesarias para a súa comprobación.

Serán de conta do contratista as operacións necesarias para medir unidades ocultas ou enterradas, si non foi advertido ó director da obra oportunamente para a súa medición.

A comprobación, aceptación ou reparos deberán quedar rematadas por ambas partes nun prazo máximo de 15 días.

O director da obra expedirá as certificacións das obras executadas que terán carácter de documentos provisionais a boa conta, rectificables pola liquidación definitiva ou por calquera das rectificacións seguintes, non supoñendo pola outra parte a aprobación nin recepción das obras executadas ou comprendidas en ditas certificacións.

4.4.13.- ABONO DE MATERIAIS ACOPIADOS

Cando a xuício do director da obra non exista perigo de que desaparezan ou se deterioreen os materiais acopiados e reconecidos como útiles, abonarán con arreglo ós precios descompostos da adxudicación. Dito material será indicado polo director da obra, que o reflexará na acta de recepción da obra, sinalando o prazo de entrega nos lugares previamente indicados. O contratista será o responsable dos danos que se produzan na carga, transporte e descarga do material.

4.5.- DISPOSICIÓN FINAL

A concurrencia a calquera subasta, concurso ou concurso-subasta inclúa o presente prego de condicións xerais, presupón a plena aceptación de todas e cada unha das súas cláusulas.

5. ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE.

INDICE

5.1.- INTRODUCCIÓN

5.2.- PRINCIPIOS XERAIS APLICABLES DURANTE A EXECUCIÓN DA OBRA.

5.3.- IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS.

5.4.- MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN.

5.5.- PRIMEIROS AUXILIOS.

5.6.- NORMATIVA APLICABLE.

1.- INTRODUCCIÓN.

O presente Estudio Básico de Seguridade establece, durante a execución desta obra, as previsións respecto á prevención de riscos de accidentes e enfermidades profesionais, así como información útil para efectuar no seu día, as debidas condicións de seguridade e saúde ós previsibles traballos posteriores de mantemento.

Servirá para proporcionar unhas directrices básicas á empresa constructora para levar a cabo as súas obrigacións no terreo da prevención de riscos profesionais, facilitando o seu desenvolvemento, conforme ó Real Decreto 1627/1997 do 24 de Outubro, polo cal se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En base ó artigo 7º e en aplicación deste Estudio Básico de Seguridade e Saúde, o contratista deberá elaborar un Plan de Seguridade e Saúde do Traballo no que se analicen, estudien, desenrolen e complementen as previsións contidas no presente documento.

O Plan de Seguridade e Saúde deberá se aprobado antes do inicio da obra ou cando non exista Coordinador, pola Dirección Facultativa. No caso de obras das Administracións Públicas deberá someterse á aprobación de dita Administración.

Recórdase a obrigatoriedade de que en cada centro de traballo exista un Libro de Incidencias para o seguimento do Plan. Calquer anotación que se realice no Libro de Incidencias deberá poñerse en coñecemento da Inspección de Traballo e Seguridade Social no prazo de 24 horas.

Así mesmo recórdase segundo o artigo 15º do Real Decreto, os contratistas e subcontratistas deberán garantir que os traballadores reciban información adecuada de todas as medidas de seguridade e saúde na obra.

Antes do inicio dos traballos o promotor deberá efectuar un aviso á autoridade laboral competente, segundo o modelo incluído no anexo III do Real Decreto.

A comunicación da apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente deberá ir acompañada do Plan de Seguridade e Saúde.

O Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución da obra ou calquer integrante da Dirección Facultativa caso de apreciar un risco grave inminente para a seguridade dos traballadores, poderá deter a obra parcial ou totalmente, comunicándoo á Inspección de Traballo e Seguridade Social, ó contratista, ó subcontratante e ós representantes dos traballadores.

As responsabilidades dos coordinadores, da Dirección Facultativa e do promotor non eximirán das súas responsabilidades ós contratistas e subcontratistas (artigo 11º).

2. PRINCIPIOS XERAIS APLICABLES DURANTE A EXECUCIÓN DA OBRA

O artigo 10 do R.D 1627/1997 establece que se aplicarán os principios de acción preventiva contidos no artigo 15º da Lei de Prevención de Riscos Laborais (Lei 31/1995, do 8 de Novembro) durante a execución da obra e, en particular, nas seguintes actividades:

- O mantemento da obra en bo estado de orden e limpeza.
- A elección do emprazamento dos postos e areas de traballo, tendo en conta a súas condicións de acceso e a determinación das vías ou zonas de desprazamento ou circulación.
- A manipulación dos distintos materiais e a utilización dos medios auxiliares.
- O mantemento, o control previo, a posta en servizo e o control periódico das instalacións e dispositivos necesarios para a execución da obra, co obxecto de corrixir os defectos que puideran afectar á seguridade e saúde dos traballadores.
- A delimitación e o acondicionamento das zonas de almacenamento e depósito dos distintos materiais, en particular se trata de materiais ou sustancias perigosas.
- A recollida dos materiais perigosos utilizados.
- O almacenamento, eliminación ou evacuación dos residuos e escombros
- A adaptación, en función da evolución da obra, do período de tempo efectivo que terá que dedicarse os distintos traballos ou fases de traballo.
- A cooperación entre os contratistas, subcontratistas e traballadores autónomos.
- As interaccións e incompatibilidades con calquer outro tipo de traballo ou actividade que se realice na obra ou cerca do lugar da obra.

Os principios de acción preventiva establecidos no artigo 15º da Lei 31/95 son os seguintes:

1) O empresario aplicará as medidas que integran o deber xeral de prevención con amaño ós seguintes principios xerais :

- Evitar riscos.
- Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- Combater os riscos na súa orixe.
- Adaptar o traballo á persoa en particular no que respecta á concepción dos postos de traballo, así como á elección dos equipos e métodos de traballo e de produción con miras en particular a atenuar o traballo monótono e repetitivo e a reducir os efectos do mesmo en saúde.
- Ter en conta a evolución da técnica.
- Substituír o perigoso polo que entrañe pouco o ningún perigo.
- Planificar a prevención buscando un conxunto coherente que integre nela a técnica, a organización do traballo e as condicións de traballo, as relacións sociais e a influencia dos factores ambientais no traballo.
- Adoptar medidas que antepoñan a protección colectiva á individual.
- Dar as debidas instrucións ós traballadores.

2) O empresario tomará en consideración as capacidades profesionais dos traballadores en materia de seguridade e saúde no momento de encomendarlles as tarefas.

- 3) O empresario adoptará as medidas necesarias a fin de garantir que só os traballadores que haxan recibido información suficiente e adecuada poidan acceder as zonas de risco grave e específico.
- 4) A efectividade das medidas preventivas deberá prever as distraccións ou imprudencias non temerarias que puidera cometer o traballador. Para a súa adopción teranse en conta os riscos adicionais que puideran implicar determinadas medidas preventivas, ás cales so poderán adoptarse cando a magnitude de ditos riscos sexa substancialmente inferior á dos que se pretenden controlar e non existan alternativas mais seguras.
- 5) Poderán concertar operacións de seguro que teñan como fin garantir como ámbito de cobertura a previsión de riscos derivados do traballo, a empresa respecto dos seus traballadores, os traballadores autónomos respecto a eles mesmos e ás sociedades cooperativas respecto ós socios, cuya actividade consista na prestación do seu traballo persoal.

3. IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS.

Sen perxuicio das disposicións mínimas de Seguridade e saúde aplicables á obra establecidas no anexo IV do Real Decreto 1627/1997 do 24 de Outubro se enumera a continuación os riscos particulares de distintos traballos de obra considerando que algúns deles poidan darse durante todo o proceso de execución da obra ou ben ser aplicables a outros traballos.

Deberá prestarse especial atención os riscos mais usuais nas obras, como por exemplo caídas, cortes, queimaduras, erosións e golpes, debéndose adoptar en cada momento a postura mais idónea segundo o traballo que se realice.

Ademais, terá que ter en conta as posibles repercusións nas estruturas de edificación veciñas e procurar minimizar en todo momento o risco de incendio.

Así mesmo, os riscos relacionados deberán terse en conta nos previsibles traballos posteriores (reparación, mantemento).

3.1 MEDIOS E MAQUINARIA

- Atropelos, choques con outros vehículos, collidas.
- Interferencias con instalacións de abastecemento publico (auga, luz, gas)
- Derrube e/ou caída de maquinaria de obra (silos, grúas...)
- Riscos derivados do funcionamento de grúas.
- Caída da carga transportada.
- Xeración excesiva de po ou emanacións de gases tóxicos.
- Caídas dende puntos altos e/ou dende elementos provisionais de acceso (escaleiras, prataformas).
- Golpes e tropezos.
- Caída de materiais, rebotes.
- Ambiente excesivamente ruidoso.
- Contactos eléctricos directos ou indirectos.
- Accidentes derivados de condicións atmosféricas.

3.2 TRABALLOS PREVIOS.

- Interferencias con instalacións de abastecemento publico (auga, luz, gas)
- Caídas dende puntos altos e/ou dende elementos provisionais de acceso (escaleiras, prataformas).
- Golpes e tropezos
- Caída de materiais, rebotes.
- Sobreesforzos por posturas incorrectas.

- Derrube de pilas de material.
- Riscos derivados do almacenaxe de materiais (temperatura, humidade, reaccións químicas)

3.3 DERRUBES.

- Interferencias con instalacións de abastecemento publico (auga, luz, gas)
- Xeración excesiva de po ou emanación de gases tóxicos.
- Proxección de partículas durante os traballos.
- Caídas dende puntos altos e/ou dende elementos provisionais de acceso (escaleiras, prateformas).
- Contactos con materiais agresivos.
- Cortes e pinchazos.
- Golpes e tropezos.
- Caída de materiais, rebotes
- Ambiente excesivamente ruidoso
- Fallos da estrutura
- Sobre esforzo por posturas incorrectas
- Acumulación e baixada de escombros.

3.4 MOVEMENTOS DE TERRAS E ESCAVACIÓNS

- Interferencias con instalacións de suministro publico (auga, luz, gas..)
- Xeración excesiva de po o emanación de gases tóxicos
- Caídas dende puntos altos e/ou dende elementos provisionais de acceso (escaleiras, prateformas).
- Golpes e tropezos.
- Desprendemento e/ou correntemento de terras e/ou rochas.
- Caída de materiais, rebotes.
- Ambiente excesivamente ruidoso.
- Derrube e/ou caída das paredes de contención, pozos e gabias.
- Derrube e/ou caída das edificacións veciñas.
- Accidentes derivados de condicións atmosféricas.
- Sobre esforzo por posturas incorrectas.

3.5 CIMENTOS

- Interferencias con instalacións de abastecemento publico (auga, luz, gas)
- Proxección de partículas durante os traballos.
- Caídas dende puntos altos e/ou dende elementos provisionais de acceso (escaleiras, prateformas).
- Contactos con materiais agresivos.
- Cortes e pinchazos.
- Golpes e tropezos.
- Caída de materiais, rebotes.
- Ambiente excesivamente ruidoso.
- Derrube e/ou caída das paredes de contención, pozos e gabias.
- Derrube e/ou caída das edificacións veciñas.
- Desprendemento e/ou correntemento de terras e/ou rochas.
- Contactos eléctricos directos e indirectos.
- Sobre esforzo por posturas incorrectas.
- Fallos de encofrados.
- Xeración excesiva de po ou emanación de gases tóxicos.
- Derrube de pilas de material.
- Riscos derivados do almacenaxe de materiais (temperatura, humidade, reaccións químicas).

3.6 ESTRUCTURAS

- Interferencias con instalacións de abastecemento público (auga, luz, gas)
- Proxección de partículas durante os traballos.
- Caídas dende puntos altos e/ou dende elementos provisionais de acceso (escaleiras, prateformas).
- Contactos con materiais agresivos.
- Cortes e pinchazos.
- Golpes e tropezos.
- Caída de materiais, rebotes.
- Ambiente excesivamente ruidoso.
- Derrube e/ou caída das paredes de contención, pozos e gabias.
- Derrube e/ou caída das edificacións veciñas.
- Desprendemento e/ou corremento de terras e/ou rochas.
- Contactos eléctricos directos e indirectos.
- Sobre esforzo por posturas incorrectas.
- Fallos de encofrados.
- Xeración excesiva de po ou emanación de gases tóxicos.
- Derrube de pilas de material.
- Riscos derivados do almacenaxe de materiais (temperatura, humidade, reaccións químicas).
- Riscos derivados do acceso ás plantas.
- Riscos derivados da subida e recepción de materiais.

3.7 ALBAÑILERIA

- Xeración excesiva de po ou emanación de gases tóxicos.
- Proxección de partículas durante os traballos.
- Caídas dende puntos altos e/ou dende elementos provisionais de acceso (escaleiras, prateformas).
- Contactos con materiais agresivos.
- Cortes e pinchazos.
- Golpes e tropezos.
- Caída de materiais, rebotes.
- Ambiente excesivamente ruidoso.
- Sobre esforzo por posturas incorrectas.
- Derrube de pilas de material.
- Riscos derivados do almacenaxe de materiais (temperatura, humidade, reaccións químicas).

3.8 CUBERTA

- Interferencias con instalacións de abastecemento público (auga, luz, gas)
- Proxección de partículas durante os traballos.
- Caídas dende puntos altos e/ou dende elementos provisionais de acceso (escaleiras, prateformas).
- Contactos con materiais agresivos.
- Cortes e pinchazos.
- Golpes e tropezos.
- Caída de materiais, rebotes.
- Ambiente excesivamente ruidoso.
- Sobre esforzo por posturas incorrectas.
- Xeración excesiva de po ou emanación de gases tóxicos.
- Caídas de mástiles e antenas.
- Derrube de pilas de material.
- Riscos derivados do almacenaxe de materiais (temperatura, humidade, reaccións químicas).

3.9 REVESTIMENTOS E ACABADOS

- Xeración excesiva de po ou emanación de gases tóxicos.
- Proxección de partículas durante os traballos.
- Caídas dende puntos altos e/ou dende elementos provisionais de acceso (escaleiras, prateformas).
- Contactos con materiais agresivos.
- Cortes e pinchazos.
- Golpes e tropezos.
- Caída de materiais, rebotes.
- Sobreesforzo por posturas incorrectas.
- Derrube de pilas de material.
- Riscos derivados do almacenaxe de materiais (temperatura, humidade, reaccións químicas).

3.10 INSTALACIÓNS

- Interferencias con instalacións de abastecemento público (auga, luz, gas)
- Caídas dende puntos altos e/ou dende elementos provisionais de acceso (escaleiras, prateformas).
- Cortes e pinchazos.
- Golpes e tropezos.
- Caída de materiais, rebotes.
- Emanación de gases en aberturas de pozos negros.
- Contactos eléctricos directos e indirectos.
- Sobreesforzo por posturas incorrectas.
- Caídas de mástiles e antenas.

3.11 RELACIÓN NON EXHAUSTIVA DOS TRABALLOS QUE IMPLICAN RISCOS ESPECIAIS (ANEXO DO R.D. 1627/1997)

- Traballos con riscos especialmente graves de sepultamento, afundimento ou caída de altura, polas particulares características da actividade desenrolada, os procedementos aplicados ó entorno do posto de traballo.
- Traballos nos que a exposición a axentes químicos ou biolóxicos supoña un risco de especial gravidade, ou para os que a vixilancia específica da saúde dos traballadores sexa legalmente exixible.
- Traballos con exposicións a radiacións ionizantes para os que a normativa específica obriga á delimitación de zonas controladas ou vixiadas.
- Traballos que expoñan a riscos de afogamento por inmersión.
- Obras de escavación de túneles, pozos e outros traballos que supoñan movementos de terra subterráneos.
- Traballos realizados en inmersión con equipo subacuático.
- Traballos realizados en caixóns de aire comprimido
- Traballos que impliquen o uso de explosivos.
- Traballos que requiran montar ou desmontar elementos prefabricados pesados.

4. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN

Como criterio xeral primarán as proteccións colectivas fronte as individuais. Ademais, terán que manterse en bo estado de conservación os medios auxiliares, a maquinaria e as ferramentas de traballo. Por outro lado, os medios de protección deberán estar homologados segundo a normativa vixente.

As medidas relacionadas tamén deberán terse en conta para os previsibles traballos posteriores (reparación, mantemento...)

4.1 MEDIDAS DE PROTECCIÓN COLECTIVA

- Organización e planificación dos traballos para evitar interferencias entre os distintos traballos e circulacións dentro da obra.
- Sinalización das zonas de perigo
- Prever o sistema de circulación de vehículos e a súa sinalización, tanto no interior da obra como en relación os viales exteriores.
- Deixar unha zona libre ó redor da zona escavada para o paso da maquinaria.
- Inmobilización de camións mediante cuñas e/ou topes durante as tarefas de carga e descarga.
- Respetar as distancias de seguridade coas instalacións existentes.
- Os elementos das instalacións deben estar coas súas proteccións illantes.
- Cimentación correcta da maquinaria da obra.
- Montaxe da grúas realizado por unha empresa especializada, con revisións periódicas, control da carga máxima, delimitación do radio de acción, freos, bloqueo, etc.
- Revisión periódica e mantemento da maquinaria e equipos da obra.
- Sistema de rego que impida a emisión de po en grandes cantidades.
- Comprobación da apuntalamentos, condicións de entubado e pantallas de protección de gabias.
- Utilización de pavimentos antideslizantes.
- Colocación de varandas de protección en lugares con perigo de caída.
- Colocación de mallazos en furados horizontais.
- Protección de furados e fachadas para evitar a caída de obxectos (redes, lonas).
- Uso de canalizacións para a evacuación de escombros, correctamente instalados.
- Uso de escaleiras de man, prateformas de traballo e andamios.
- Colocación de prateformas de recepción de materiais nas plantas altas.

4.2 MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- Utilización de mascarillas e gafas homologadas contra o po e/ou proxección de partículas.
- Utilización de calzado de seguridade.
- Utilización de casco homologado.
- En tódalas zonas elevadas nas que non existan sistemas fixos de protección deberán establecerse puntos de ancoraxe seguros para poder suxeitar o cinturón de seguridade homologado, cuya utilización será obrigatoria.
- Utilización de guantes homologados para evitar o contacto directo con materiais agresivos e minimizar o risco de cortes e pinchazos.
- Utilización de protectores auditivos homologados en ambientes excesivamente ruidosos.
- Utilización de mandís.
- Sistemas de suxeición permanente e de vixilancia por mais dun operario, nos traballos con perigo de intoxicación. Utilización de equipos de abastecemento de aire.

4.3 MEDIDAS DE PROTECCIÓN A TERCEIROS

- Valado, sinalización e iluminado da obra. No caso de que o valado invada a calzada debe preverse un paso protexido para a circulación de peatóns. O valado impedirá que persoas alleas a obra poidan entrar nela.
- Prever o sistema de circulación de vehículos tanto no interior da obra como en relación os viales exteriores.
- Inmobilización de camións mediante cuñas e/ou topes durante as tarefas de carga e descarga.
- Comprobación da adecuación das solucións de execución o estado real dos elementos (subsolo, edificacións veciñas).
- Protección de ocos e fachadas para evitar a caída de obxectos (redes, lonas).

5. PRIMEIROS AUXILIOS

Disporase dun botiquín cuxo contido será o especificado na normativa vixente. Informarase, o inicio da obra, da substitución dos distintos centros médicos os que se deberá trasladar os accidentados. É conveniente dispor na obra en un lugar ben visible, dunha lista de teléfonos e direccións dos centros asignados para urxencias, ambulancias, taxis, etc. para garantir o rápido traslado dos posibles accidentados.

6. NORMATIVA APLICABLE

RELACIÓN DE NORMAS E REGULAMENTOS APLICABLES:

(En negriña ás que afecten directamente á construción)

Data de Actualización 30/01/1998

SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN

– **DIRECTIVA 92/57/CEE** do 24 de xuño (DO:26/08/92)

Disposicións mínimas de seguridade e saúde que deben aplicarse nas obras de construción temporais e móbiles.

– **RD 1267/1997** do 24 de Outubro (BOE:25/10/97)

Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Transportación da Directiva 92/57/CEE Deroga o RD 555/86 sobre obrigatoriedade da inclusión de Estudo de Seguridade e Hixiene en proxectos de edificación e obras públicas.

– **LEI 31/1995** do 8 de Novembro(BOE:10/11/95)

Prevención de riscos laborais.Desenrolo da Lei a traves das seguintes disposicións :

RD 39/1997 do 17 de Xaneiro (BOE:23/04/97)

Regulamento dos servizos de Prevención.

RD 485/1997 do 14 de Abril (BOE:23/04/97)

Disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.

RD 486/1997 do 14 de Abril (BOE:23/04/97)

Disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

Modifica e deroga algúns capítulos da ordenanza da Seguridade e Hixiene no traballo (BOE: 09/03/1971)

RD 487/1997 do 14 de Abril (BOE:23/04/97)

Disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañen riscos, en particular dorsolumbares, para os traballadores.

RD 488/1997 do 14 de Abril (BOE:23/04/97)

Disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas o traballo con equipos que inclúen pantallas de

visualización.

RD 664/1997 do 12 de Maio (BOE:24/05/97)

Protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

RD 665/1997 do 12 de Maio (BOE:24/05/97)

Protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

RD 773/1997 do 30 de Maio (BOE:12/06/97)

Disposicións mínimas de seguridade e saúde, relativas a utilización polos traballadores dos equipos de traballo. Transportación da Directiva 89/655/CEE sobre utilización dos equipos de traballo, modifica e deroga algúns capítulos da Ordenanza de Seguridade e Hixiene no traballo (O:09/03/71)

O. do 20 de Maio de 1952 (BOE:15/06/52)

Regulamento de Seguridade e Hixiene do Traballo na industria da Construcción Modificacións:

O.do 10 de Decembro de 1953 (BOE:22/12/53)

O. do 23 de Setembro de 1966 (BOE:01/10/66) Art. 100 a 105 derogados pola O. do 20 de Xaneiro de 1956

O. do 31 de Xaneiro de 1940.Andamios: Cap. VII, art. 66º a 74º (BOE:03/02/40)

Regulamento de Seguridade e Hixiene.

O. do 28 de agosto de 1970 Art. 1º a 4º, 183º a 291º e anexos I e II (BOE:05/09/70;09/09/70)

Ordenanza do traballo para as industrias da Construcción, vidro e cerámica.Corrección de erratas (BOE:17/10/70)

O. do 20 de Setembro de 1986 (BOE:13/10/86)

Modelo do Libro de incidencias correspondentes as obras anque sexa obrigatorio o estudio de Seguridade e Hixiene.Corrección de Erratas (BOE:31/10/86)

O. do 16 de Decembro de 1987 (BOE:18/09/87)

Novos modelos para a notificación de accidentes de traballo e instrucións para o seu cumprimento e tramitación.

O. do 23 de Maio de 1977 (BOE:14/06/77)

Reglamentacion de aparatos elevadores para obras. Modificación O. do 7 de Marzo de 1981 (BOE:14/03/81)

O. do 28 de Xuño de 1988 (BOE:07/07/88)

Instrucción Técnica Complementaria MIE–AEM e do Regulamento de Aparatos de elevación e Manutención

referente a gruas–torre desmontables para obras. Modificación O. do 16 de abril de 1990 (BOE:24/04/90)

O. do 31 de Outubro de 1984 (BOE:07/11/84)

Regulamento sobre seguridade dos traballos con risco de amianto.

O. do 7 de Xaneiro de 1987 (BOE:15/01/87)

Normas complementarias do Regulamento sobre seguridade dos traballos con risco de amianto.

RD 1316/1989 do 27 de Outubro (BOE:02/11/89)

Protección dos traballadores fronte os riscos derivados da exposición o ruído durante o traballo.

O. do 9 de Marzo de 1971 (BOE:16i 17/03/71)

Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no traballo. Corrección de Erratas (BOE:06/04/71). Modificacións (BOE:02/11/89). Derogados algúns capítulos por: Lei 31/1995, RD 485/1997, RD 486/1977, RD 644/1997, RD 665/1997, RD 773/1997, RD 1215/1997

O. do 12 de Xaneiro de 1998 (DOG:27/01/98)

Aprobase o libro de Incidencias en obras de construción.

Resolucións aprobatorias de Normas Técnicas Regulamentarias para distintos medios de protección persoal de traballadores.

R. do 14 de Decembro de 1974 (BOE:30/12/74) N.R.MT–1: Cascos Non Metálicos.

R. do 28 de Xullo de 1975 (BOE: 01/09/75) N.R.MT–2: Protectores Auditivos.

R. do 28 de Xullo de 1975 (BOE:02/09/75) N.R.MT–3: Pantallas para Soldadores.Modificación (BOE:24/10/75)

R. do 28 de Xullo de 1975 (BOE:03/09/75) N.R.MT–4: Luvas Illantes de Electricidade. Modificación (BOE:25/10/75)

R. do 28 de Xullo de 1975 (BOE:04/09/75) N.R.MT–5: Calzado de Seguridade contra riscos mecánicos. Modificación : (BOE: 27/10/75)

R. do 28 de Xullo de 1975 (BOE:05/09/75) N.R.MT–6: Banquetas illantes de manobras.Modificación : (BOE: 28/10/75)

R. do 28 de Xullo de 1975 (BOE:06/09/75) N.R.MT–7: Equipos de protección persoal de vías respiratorias. Normas comúns e adaptadores faciais. Modificación : (BOE: 29/10/75)

R. do 28 de Xullo de 1975 (BOE:08/09/75) N.R.MT–8: Equipos de protección persoal de vías respiratorias : Filtros mecánicos. Modificación : (BOE: 30/10/75)

R. do 28 de Xullo de 1975 (BOE:09/09/75) N.R.MT–9: Equipos de protección persoal de vías respiratorias : Mascarillas autofiltrantes. Modificación : (BOE: 31/10/75)

R. do 28 de Xullo de 1975 (BOE:10/09/75) N.R.MT-10: Equipos de protección persoal de vías respiratorias :
Filtros químicos e mixtos contra amoníaco. Modificación : (BOE: 01/11/75)

Serra de Outes, Xaneiro do 2007.

Asdo. D .

Proxecto Edificio 6 prantas